



MANUEL LUGRÍS FREIRE

Manuel LUGRÍS Freire (Sada, 11 de febreiro de 1863 - A Coruña, 15 de febreiro de 1940) foi un escritor e galeguista, director ou cofundador, entre outras moitas, da Escola Rexional de Declamación, da Real Academia Galega e das Irmandades da Fala

Biografía

Por problemas económicos da familia, ao rematar os estudos primarios, viuse obrigado a estudar para escribán no concello de Oleiros. É daquela cando escribe «Nociones generales de mitología». Emigrou a Cuba aos vinte anos, chamado polo seu irmán maior Plácido, e alí traballou como contable. Formou parte do Centro Galego dende 1884 e foi o director (e fundador) do primeiro xornal americano redactado integramente en lingua galega *A gaita gallega* (1885-1889), tras colaborar con *El eco de Galicia* de Waldo Álvarez Insua, a súa primeira colaboración fora un poema intitulado «Nostalxia». En *A gaita gallega* colaborou durante as primeiras seis entregas pero, pelexado con Ramón Armada, deixouna. Foi tamén vogal da xunta directiva do Centro Galego da Habana. En Cuba publicou

Soidades (poesías prologadas por Curros Enríquez), o primeiro capítulo da novela curta *O penedo do crime* e *A costureira da aldea*, obra de teatro costumista que tamén se representou. Escribiu tamén a obriña *De Galicia a Lavapiés*, en resposta a unha obra que pretendía ridiculizar os galegos.

Volveu a Galiza en 1896 acompañado da cubana de ascendencia española Concepción Orta Iglesias, instalouse na Coruña e continuou o seu labor literario, mentres que seguía traballando como contábel. Relacionouse cos rexionalistas coruñeses, tomando parte en todas as actividades galeguistas do momento, como a Cova Céltica, xunto con Murguía, Pondal e outros. En 1897 entrou na directiva da Liga Gallega da Cruña, presidida por Salvador Golpe, como secretario.

En 1898 naceu a súa filla Socorro e morreu a súa muller,



o que lle causou unha forte depresión. En 1901 publicou *Noitebras*, libro de poemas na que mestura pesimismo persoal e composicións de intención social e mítica. Ao ano seguinte casou con Purificación González Varela, irmá do pintor e escritor rexionalista Urbano González, coa que tería cinco fillos.

Pulou pola creación da Escola Rexional de Declamación (1903), que fundou con Galo Salinas e foi presidente dela. Tivo como especial preocupación a de fornecer de textos á nova entidade, teimando retirar a literatura galega do costumismo predominante. Todos os seus textos teñen unha carga reivindicativa forte. A Escola presentouse cunha peza de Galo Salinas e, durante o ano que durou, a totalidade das montaxes foron sobre obras do propio LUGRÍS Freire: *A Ponte* (1903), *Minia* (1904) e *Mareiras* (1904). LUGRÍS Freire



MANUEL LUGRÍS FREIRE

foi o primeiro autor teatral galego en utilizar a prosa. É tamén o máximo representante do teatro social ou de tese.

En 1904 participou na fundación da Asociación da Prensa de Coruña e en 1906 da Real Academia Galega. Lugrís Freire foi o primeiro en utilizar o galego nun mítin: foi o seis de outubro de 1907 en Betanzos, nun acto do sindicato Solidaridad Gallega, do que tamen fora fundador. Participou noutros moitos actos públicos na comarca da Coruña. En 1908 pasou a ser membro do Consello Redactor d' *A Nosa Terra*, publicación na que aparecerían desde o primeiro número (4 de agosto) unha serie de contos populares baixo o título xenérico de *A carón do lar*.

Abandonado o teatro, retomou a poesía e escribiu tamén numerosos relatos curtos, que reuniu en 1909 en *Contos de Asieumedre*. En 1916 participou na creación da Irmandade da Fala da Coruña. En 1919, como suplemento do periódico *El Noroeste*, publicou *Versos de loita*, pero o seu mellor libro poético foi *Ardencias* (1927), que está dedicado á xuventude galega.

En 1922 publicou unha *Gramática do idioma galego*, seguidora da *Gramática* de Saco y Arce, pero a primeira nesta lingua, e ao ano seguinte ingresou como socio correspondente no Semi-



nario de Estudos Galegos cun discurso sobre Pondal.

En 1930 participou na elaboración do programa do Partido Autonomista Republicano Agrario para a campaña electoral e na constitución da Federación Republicana Gallega. En maio do ano seguinte, participou na redacción do anteproxecto de Estatuto de Galiza promovido polo Seminario de Estudos Galegos e en decembro na redacción dos estatutos do Partido Galeguista. En 1932,

xunto con Alexandre Bóveda, redactou o anteproxecto definitivo do Estatuto, por encarga da Asemblea de Municipios de Galicia.


O 28 de abril de 1934 foi nomeado presidente da Real Academia Galega, mais renunciou o 20 de agosto do ano seguinte por problemas de saúde.

O seu labor xornalístico foi tamén extenso. Asinou cons pseudónimos de Asieumedre, L.U. Gris, K. Ñoto e Roque das Mariñas.

Lugrís Freire morreu na Coruña ao ano de iniciarse a Guerra Civil española,

no medio da persecución da actividade galeguista e o drama de ver dous fillos en bandos distintos da guerra, debido ás circunstancias: Secundino no Quinto Rexemento en Madrid e Urbano Lugrís, que logo destacaría como pintor, recrutado polo bando nacional. Está enterrado no cemiterio de San Amaro.

O Día das Letras Galegas de 2006 está dedicado a Manuel Lugrís Freire.





MANUEL LUGRÍS FREIRE

Obra

- *Soidades: versos en gallego*, 1894
- *Noitegras: poesías*, 1901
- *A ponte: drama en dous actos en prosa*, 1903
- *Mareiras: drama en tres actos en prosa*, 1904
- *Minia: drama n-un acto en prosa*, 1904
- *Esclavítú: drama en dous actos en prosa*, 1906
- *Contos de Asieumedre*, 1908 (8 contos) , 1909 (28 contos)
- *O pazo: comedia en dous actos, en prosa*, 1916
- *Estadeíña: comedia en duas xornadas en prosa*, 1919
- *Versos de loita*, 1919
- *Gramática do idioma galego*, 1922 e 1931
- *Ardencias*, 1927
- *As Mariñas de Sada: homenaxe a Sociedade Sada y sus Contornos*, 1928
- *A carón do lar*, 1970



AXIÑA

Os días xa son máis longos;
Xa brila máis ledo o sol;
Xa s'erperguizan nas almas
As ansias de redención.

Os arboredos florecen
E as silveiras teñen flor...
¡Axiña virán os froitos
que o novo tempo enxendrou!

AMOR

¡Amor da terra! Sempre vivirás firme e forte
No meu peito namentras que non me leve a morte;
Meu único luceiro que nas noites de dor
Quencerás o meu corpo com lóstregos de amor.

Roseira milagrosa do meu querer profundo,
Que enche cos seus arumes os ámbitos do mundo.
Nasce em nídias arelas como o primeiro amor:
É unha ardencia sin lume, é un recendo sin fror.

El mantén a esperanza do galego exiliado;
El é fonte de bágoas que lavan o pecado;
Salvando as nosas almas él nos fai retornar
A cumprir coas obrigas do noso santo lar.

¡Amor da terra! Sempre vivirás firme e forte,
Mentras a Celtia viva non temerei a morte!
Lugrís Freire

ADOLFO IGLESIAS VARELA 3ºB